



MISA CON NENOS

31 de marzo de 2019

Coresma- 4º C- O pai bo

S. LUCAS 15, 11-32: *“o pai viuno e conmovéronselle as entrañas”.*

Mensaxe: Vai polo PERDÓN do Pai.

Devolverache un CORAZÓN vivo.



1. ACOLLIDA

Benvidos a esta celebración. A gran revelación de Xesús é mostrarnos a Deus como Pai, como alguén disposto sempre á misericordia e ao perdón. Hoxe imos escoitar no Evanxeo a parábola do fillo pródigo ou do pai misericordioso. Somos nós os que nos afastamos de Deus indo por malos camiños e o Pai se entristece. Pero el espéranos, sae ao noso encontro, perdoa e esquece. E abre os seus brazos para regalarnos o perdón e unha vida nova. Hoxe aquí, na súa casa, celebramos o seu amor, a súa misericordia e o seu perdón.

(Saímos cun cartel cunha frase: “Vai polo PERDÓN do Pai. Devolverache un CORAZÓN vivo.”)

- O amor de Deus Pai que en Xesús nos abraza e nos perdoa, sexa convosco.

2. PERDÓN

Xesús perdoou a pecadora, a Pedro, aos que o crucificaron, perdoou sempre, ten un gran corazón como o seu Pai. Nós tamén lle pedimos perdón.

- Ti que tes o corazón cheo de amor e de tenrura, Señor, **ten piedade de nós.**

-Ti que tes o corazón cheo de misericordia e compaixón, **Cristo, ten piedade de nós.**

-Ti que esperas pacientemente o noso arrepentimento, **Señor, ten piedade de nós.**

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Imos escoitar moi atentos a Palabra de Deus. Na 1ª lectura descubrimos como Deus acompañou os que esperaban e crían nel, levounos á terra prometida e moitos vírona. No evanxeo veremos como os fariseos criticaban a Xesús porque trataba cos pecadores e queríaos. Xesús respondeulles con esta parábola sobre o absoluto amor do Pai cara aos seus fillos. S. Paulo chámamos a reconciliarnos con Deus e regalar o seu perdón.

4. PETICIÓNS

Sentíndonos necesitados de Amor e de Perdón, acudimos a Deus, o noso Pai, con toda confianza dicindo:

-Volverei á casa do Pai.

1. Pola Igrexa, para que loite pola reconciliación e a paz de todos. **Oremos.**

2. Polo papa e os bispos para que nos mostren o rostro de Deus como Pai que nos mira con amor e nos perdoa sempre. **Oremos.**

3. Polos nosos pais, que igual que o pai da parábola nos queren e nos perdoarán sempre. **Oremos.**


4. Pola nosa parroquia para que cada día sexa máis como a de Xesús, máis chea de bondade, de misericordia e perdón. **Oremos.**

5. Por nós, para que perdoemos de corazón a todos, do mesmo xeito que nos perdoan a nós. **Oremos.**

6. Polos que vivimos a Coresma para que redescubramos o sacramento da Penitencia e sintamos a necesidade de reconciliarnos con Deus e cos irmáns. **Oremos.**

7. Por todos nós para que dos nosos beizos saian con facilidade palabras como perdón e grazas. **Oremos.**

Escóitanos pai e fainos testemuñas da túa misericordia. Por XCNS.



5. OFRENDAS

UN BILLETE coa inscrición “DEUS ESPÉRATE”: Con este billete, queremos representar o que Deus fai, aínda cando nos afastamos del, sempre nos dá un billete de ida e de volta. Que descubramos o amor inmenso que Deus nos ten.

ÁLBUM DE FOTOS: Con este álbum de fotos queremos levar ao Señor o noso agradecemento pola nosa familia, polos pais. Sentímonos moi agradecidos porque eles, malia as nosas debilidades, esperan con paciencia a que melloremos e vivamos tamén como fillos de Deus.

PAN E O VIÑO: Co pan e co viño, queremos dar as grazas a Deus pola festa da eucaristía. Todos os domingos, logo de recoñecer os nosos pecados, el fai unha gran festa; o Señor converte o pan e o viño no seu corpo e no seu sangue.

6. VÍDEOS 4º CORESMA-C

- O Fillo Pródigo, película: https://www.youtube.com/watch?v=eJ_0pV8XTNY
- O Fillo Pródigo, película: <https://www.youtube.com/watch?v=ht4lbGuVcvw>
- O fillo pródigo, debuxos: <http://youtu.be/kfZLdclQaJA>
- O Fillo Prodigio, canto: <https://www.youtube.com/watch?v=J4Y1-liercY>
- El esperábao, canto de Javier Brú: <https://www.youtube.com/watch?v=Xqr4wx8i7ok>
- Hoxe volvo de lonxe, canto: <https://www.youtube.com/watch?v=-W9RdpyoeoY>
- Descubrinto a ledicia, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=MJ8JqWxPUII>
- Vive a misericordia, reflexión: 4º Coresma C <https://www.youtube.com/watch?v=aH2tIJHbtoQ>
- Parábola do fillo pródigo, Valiván, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=qY-ygC4p90g>
- O fillo prodigo, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=3raAxPoXmjU&feature=youtu.be>
- Perdóame, Señor, cancións: <https://www.youtube.com/watch?v=ootht3cgvSA&feature=youtu.be>
- Volve á casa, Lilly Goodman (fillo pródigo moderno): <https://www.youtube.com/watch?v=brP9kEYc4BA>
- Tempo de perdoar, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=mnY2Zz5J1wM>

8. SUXESTIÓNS:

-Hoxe é o domingo da misericordia, do perdón de Deus.

- Poderíase pensar nunha **representación do evanxeo**, o pai, os dous irmáns e Xesús. Bastaría que o pai entregase ao fillo máis novo as bolsas de diñeiro con xesto triste, o fillo que se vai contento, logo pasa momentos tristes recordando a casa do seu pai, a volta co abrazo do pai e colócalle anel, vestido novo, sandalias, festa. E a tristeza do fillo máis vello que mira con desconfianza a festa e afástase.
- Tamén se poderían **facen dous carteis** para comparar a nosa idea de Deus: Deus NON é malo, vingativo, cruel, severo, ríxido. Deus SI é pai, misericordioso, perdoador, tenro. Pódense utilizar debuxos da parábola.
- Poderíamos facer un xesto de participación. Facemos notar que o fillo máis novo perdeu todo o que o pai lle deu. O fillo máis vello perdeu a confianza e a grandeza do pai. E o pai perdera os dous fillos por varias razóns... Despois de explicar isto, os pais e os catequistas pónenlle a cada neno un imperdible cunha frecha feita de cartolina, como signo de que os nenos non poden caer nesos fallos. Despois os nenos van subindo polo corredor coa frecha indicando cara a adiante (cara ao sagrario) e colócanse xunto ao sagrario. Aí está o Pai que nos segue esperando e querendo e do que non nos podemos afastar nunca. O Pai é a nosa meta.
- Habería que ir preparando a **confesión de Coresma**, o encontro co Pai, sempre como unha festa... Ide pensando como realizala... Aos nenos podémoslle dar unha folliña onde anoten as súas faltas en tres apartados: -cos amigos e compañeiros, -coa miña familia, -con Deus e con Xesús. Tratade de celebrar a Penitencia con moita festa, algo alegre, é o regreso a casa do Pai, é recuperala vida, o ser os seus fillos, volver ter corazón. Dícidelle: "volverei á casa de meu Pai, direille pequei". E escoita ao sacerdote: "fillo os teus pecados sonche perdoados".
- Pensa en alguén con quen poidas ter un **xesto de amor e agarimo** durante a semana... Pode ser alguén próximo, demóstralle o teu amor. Vive con corazón, con bo corazón.

Nesta época tamén sería oportuno facer a **1ª confesión cos nenos** de 2º de comunión que ao final do curso farán a comunión. Xa nos días inmediatos á solemne celebración realizarán a segunda comunión.

